

MODIFICACIÓN PARCIAL DO REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN MATERIA DE COBERTURA DE SEGURO.

Aprobada polo Consello de Goberno do 29 de setembro de 2015

O vixente Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade da Coruña foi aprobado polo Consello de Goberno do 23 de abril do 2013.

Posteriormente, o 27 de febreiro do 2015 o Consello de Goberno aprobou unha adaptación do mesmo ao Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que establece o marco legal xeral polo que se regula as prácticas académicas externas do estudantado universitario (BOE nº 184, do 30 de xullo).

A modificación sobrevida das coberturas garantidas pola póliza de seguro Hac Luce, tras a súa contratación no mes de xullo de 2015, fai aconsellable introducir unha máis clara regulación do artigo 13, mediante a cal se contemplan os distintos supostos de cobertura.

En consecuencia, e para adaptar o noso regulamento a este novo marco, é preciso dar unha nova redacción aos seguintes preceptos do regulamento de prácticas académicas externas da UDC.

ARTIGO ÚNICO.-

O artigo 13 do Regulamento de prácticas externas da UDC pasa a ter a seguinte redacción:

“O estudantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do estudantado. A maiores, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para os estudantes.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos”.



DISPOSICIÓN FINAL.-

1. Autorízase á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Deportes para concordar, refundir e publicar na web da UDC o texto resultante da anterior modificación, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.
2. O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico oficial da UDC.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 2 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 29 de setembro de 2015

O secretario xeral

Asdo. Carlos Amoedo Souto